

DOUS CORPOS BRANCOS

Núa continúa o seu proceso cos ollos abertos e a mirada itinerante.

Diana Mera

Desde o seu nacemento, Núa, sen apenas se decatar, foise dando forma a ela mesma, ampliando horizontes, establecendo vínculos e relacións coas outras, modificando o espazo circundante e definindo a súa posición ata se transformar nunha realidade múltiple que se proxecta e concreta en dous corpos:

A revista

Semiartesanal, lixeira e núa, en continuo proceso de cambio.

Una das liñas máis relevante da revista é a referida aos artigos de investigación escénica. Deste modo, no anterior número tivemos o privilexio de contar cun texto de Óscar Cornago, e neste número fainos o honor Alberto Kurapel falando do seu *Teatro- Performance* durante o exilio en Canadá. Dentro do campo da investigación déixase un espa-

zo moi importante para dar a coñecer aquelas experiencias pedagóxicas, educativas ou sociais que empregan o teatro como ferramenta, e que poñen de manifesto un compromiso imprescindible na sociedade actual. Foi o caso de Ánxela Doval no primeiro número e será o de Mariana Carballal neste segundo, quen comparte con nós a súa experiencia teatral coas internas do cárcere de Yeserías. Nesta sección inclúese tamén o artigo de Marcos García Barrero sobre a ópera *Neither* do compositor Morton Feldman, con texto de Beckett.

A segunda liña adéntrase nos procesos de creación. Neste ámbito, o obxectivo é facer accesíbel os modelos e formas de traballo de diferentes artistas: materiais de documentación, deseños, esquemas, notas, fontes de inspiración, técnicas, procedementos, metodoloxías. Estes procesos son moi persoais, e as súas formas de expresión varían considerablemente en función da persoa e do tipo de creación. Un exemplo clarísimo vémolos neste número onde conviven tres procesos completamente distintos. Xesús Ron, céntrase na convulsa fase de ensaios na que aínda hai tempo para buscar, desbotar e volver buscar sen grandes agobios. Begoña Cuquejo, expón materiais de recollida e documentación ao tempo que fai fincapé nos aspectos máis relevantes

do seu proceso. Fran Buceta, María Roja e Berio Molina realizaron un “acto heroico”, creando unha pequena peza única para cada exemplar, un obxecto simbólico que sintetiza os aspectos máis relevantes do seu traballo. E por último, Julio Fernández, dá o paso de publicar un traballo de escrita dramática en fase inicial, varias pezas que teñen por nexo un personaxe ausente: (), de quen coñecemos pouco mais que a súa afección por liberar psiquiátricos.

A terceira liña está adicada a textos dramáticos de autoras contemporáneas de extensión breve. Publícase neste número *A tiro* de Xosé Manuel Esperante.

A cuarta, e última, liña compóñena as entrevistas e o corpo de artigos nos que fala o espectador, expresando a súa percepción, nun intento de establecer pontes reais e efectivas entre a creación e a recepción. Forman este apartado a entrevista a Ana Vallés realizada por Cristina Balboa; e as críticas *Macarena Recuerda* de Marta Pérez e *Métanse nos seus asuntos* de Susana Figueirido.

Para finalizar, convén salientar o esforzo de Núa por converter o propio continente en contido, na procura dunha estética persoal onde espazo e creación se amalgamen. O formato, que dá a Núa o seu carácter obxectual, non é unha

cuestión estritamente formal. Trátase de chegar mediante o único e irrepetíbel á esencia mesma do teatro, no seu espírito efémero e de presenza compartida.

Os encontros de procesos de creación

Interrelacional, híbridos e de carácter nómada.

É evidente, que os encontros, teñen unha relación con os procesos de creación descritos, aínda que non necesariamente. Como lembraredes, o primeiro realizouse con motivo do acto de presentación da revista, no Teatro Ensalle de Vigo, e naquel momento non se contemplaba a posibilidade de darlle continuidade. A partir da presentación do 2º número, que terá lugar na Sala Nasa, os encontros, aínda que vinculados á revista, adquirirán entidade propia e autonomía, precisando a súa propia estrutura, o seu tempo e carácter.

É a nosa pretensión crear un espazo de intercambio e comunicación entre os procesos de traballo de creadoras da escena galega (nunha tendencia de novas linguaxes), as salas alternativas e o público.

En concreto, o programa deste encontro céntrase na intervención de catro procesos de creación, cunha duración de 10 min. Un deles, Anaglifo, xa foi presentado no Teatro Ensalle, na súa fase inicial, e continuará con nós ata o 4º número, onde se presentará a fase final, permitíndonos asistir ás diferentes etapas do seu proceso de pesquisa e maduración. Terá lugar tamén, este día, unha breve exposición dos contidos do 2º número.

Está xa confirmado que os vindeiros encontros serán no Teatro Arte Libre de Vigo, no mes de setembro, e na Sala Santart, no mes de decembro.

Moitas grazas, pola súa colaboración e interese mostrado, a Teatro Ensalle, Sala Nasa, Teatro Arte Libre e Sala Santart. Grazas ao seu apoio puidemos elaborar unha pequena *rede de encontros* entre Vigo e Compostela, ao vaivén da ría e a catedral.

Aínda queda moito por facer, continuámos a “maquinar”...

Unha piscadela de ollo! (Desta vez o esquerdo. Si, iso significa que o outro era o dereito).

II ENCONTRO DE PROCESOS DE CREACIÓN

Presentación 2º número

Sala Nasa-11 de maio

Continuación do proceso *Baleadas/*

Video danza proxección/

Marta Alonso/Begoña Cuquejo/Paulina Funes

Novas intervencións:

- Diseau rebelle/ Teatro/ Cia funboa escénica
- S/T (resaca de domingo)/ Performance/ **Fran Buceta, María Roja, Berio Molina**
- LivingRoom/ Teatro/ **Joshua McCarey**
- ()de Julio Fernández/ Intervención/ **Alberte Viveiro + Borja Salgado + Carlos Vidal**

